

## Á MESA DA COMISIÓN 7.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, 53976, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a xestión que debe realizar a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, para avanzar decididamente en todo o relativo á constitución e funcionamento dos montes de varas, así como a regulación do rexistro público correspondente, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o 4 de outubro de 2019. (10/PNC-004297)

### **Emenda de Adición**

Débense engadir ao final da parte resolutiva os seguintes puntos:

- En base aos principios de conservación e xestión sustentable dos montes de varas, deben quedar prohibidas as talas a ras de chan de árbores autóctonas ubicadas nos montes de varas. Nestes casos a premisa debe ser a de repolar fronte a talar.
- Prohibición de reaproveitamento forestal en terreos cualificados como montes de varas, tanto a presente como a futuro.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputado do GP. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 03/10/2019 17:16:16**

**Marcos Cal Ogando na data 03/10/2019 17:16:27**



## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Moisés Blanco Paradelo, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **(10/PNC-004221) (53044)** sobre a modificación dos prazos establecidos nas bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes e montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a

1.- Promover as modificacións necesarias na Orde de 19 de decembro de 2018 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados ás fragas por incendios, desastres naturais e catástrofes, en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) 2014-2020 coa finalidade de aprobar as prórrogas daqueles expedientes que o solicitaran ata o día 7 de outubro ou que, por informes complementarios necesarios doutros organismos, aínda non fosen aprobados.

2.- Que as próximas convocatorias de ordes de axudas se publiquen como anticipado de gasto e que se habiliten as fórmulas necesarias para que estean dispoñibles antes do período de alto risco”

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/10/2019 17:59:59  
**Nº Rexistro: 56963**  
Data envío: 03/10/2019 17:59:59.523

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 03/10/2019 17:49:03**

**Moisés Blanco Paradelo na data 03/10/2019 17:49:38**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: REXISTROlufISGvnz0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

